

Celga



3

PROBA B (ORAL) CADERNO DO PERSOAL EXAMINADOR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C-3B-2017

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, vai vostede ler un texto sobre os cambios no consumo cultural. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

A crise fai que os galegos gasten 15,3 millóns de euros menos en libros

Redacción | [@prazapublica](#)

A crise, a redución de salarios, o desemprego... Os recortes no gasto chegan a todos os lados e as familias galegas, obviamente, teñen que reducir tamén o que lles dedican aos bens e servizos culturais. **Tanto que o seu consumo de libros, música, teatro e cultura en xeral descendeu máis dun 15 % nos últimos tempos, tal e como revela o informe *Evolución do gasto cultural dos fogares galegos*, que acaba de facer público o Observatorio da Cultura Galega.**

Aínda que case todas as partidas da economía familiar sofren unha importante redución nos últimos anos, quen leva a peor parte neste recorte son os libros. As familias gastaron 15,3 millóns menos dun ano a outro en libros (excluídos os libros de texto), o que representa, dentro dos recortes xerais da cidadanía, case un 27 % menos. A análise do Observatorio abrangue a evolución do consumo cultural nos últimos anos no Estado español e en Galicia e destaca que "o consumo global en bens e servizos culturais diminuíu de xeito significativo tanto no conxunto de España coma no territorio galego".



De feito, o retroceso no consumo cultural aínda foi maior no resto de España, que alcanzou o 19,9 % fronte ao 15,9 % de Galicia no mesmo período de tempo.

Os fogares galegos gastaron 60 euros anuais menos de media en cultura por mor da crise no ano 2012.

Durante o ano 2012, os fogares galegos gastaron case 60 euros menos de media nestes bens e servizos culturais, que inclúen libros, prensa, espectáculos,

equipamentos audiovisuais e informáticos, música gravada, instrumentos musicais e outros servizos. No conxunto do Estado, o gasto nas casas foi 90 euros menor. Isto representa unha caída no gasto dun 50 % máis no conxunto do Estado ca na Comunidade Autónoma galega.

Ademais da crise, inflúe o feito de que o 44 % dos gastos en bens e servizos culturais ten que ver con equipos e accesorios audiovisuais de tratamento de información e Internet, entre os que se inclúen ordenadores, tabletas e teléfonos intelixentes, e este dato é común a Galicia e ao resto do Estado español. Esta é unha partida de gasto que se vén mantendo nos últimos anos e que é común a todo o territorio europeo.

Ademais, destaca que os galegos e galegas gastan de media 6 euros máis que o conxunto dos españois en libros e publicacións periódicas, pero 7,5 menos que a media estatal na asistencia a espectáculos, sexan musicais, teatrais ou de calquera tipo de artes escénicas. Isto pode ter que ver, segundo algúns analistas, coa distribución da poboación en Galicia, que fai máis complicada a asistencia a espectáculos ca en contextos máis fortemente urbanos. Porén, é o gasto en libros e publicacións periódicas o que máis se reduce, ao caer en Galicia nun 27 %.

En canto ás publicacións periódicas, aínda que o gasto total diminuíu moito con respecto a 2010, en 2012 esta redución non é moi importante en Galicia (menos de dous millóns menos), aínda que si é moi apreciable no conxunto de España, onde se gastaron 238 millóns de euros menos.

O informe tamén destaca cal é o conxunto de gasto que experimentou unha baixada progresiva en todas as partidas que afectan a vida cotiá, especialmente en vivenda, auga e electricidade, saúde e ensino. De todos os xeitos, dende 2008 a partida de cultura é das que experimentou un descenso maior (-21 %), só por detrás da de transportes (- 30 %).

Texto adaptado de <http://praza.com>

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: Esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.	
▪ Como se chama? ▪ A que se dedica? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: O candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:	
Faga un resumo do contido do artigo. ▪ Cal é a idea central do texto? ▪ Os datos son os mesmos para España que para Galicia? Cales son as diferenzas? ▪ Pasa o mesmo cos libros que cos periódicos? Canto se gasta en cada cousa?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: O entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e a partir dela diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso, indicándolle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: <i>Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis?</i> etc. Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.	
Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado: ▪ “É normal que case a metade do gasto en cultura (44 %) se destine a equipos para a conexión a Internet e accesorios audiovisuais.” ▪ “Cando hai que aforrar, o máis razoable é recortar todos os gastos en cultura.” ▪ “É normal que, cando temos que ter coidado co gasto, en Galicia se aforre máis en transporte que en cultura.” ▪ “É moito máis doado deixar de mercar libros que publicacións periódicas.”	
4. INTERACCIÓN	4 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: Logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir	

coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

“É normal que case a metade do gasto en cultura (44 %) se destine a equipos para a conexión a Internet e accesorios audiovisuais.”

- Pensa que todos eses cartos se destinan para acceder a contidos culturais na rede?
- Ata que punto se pode pensar hoxe na educación sen acceder a toda a información que hai en Internet?
- No seu caso, aplícase esta porcentaxe? Por que?
- Vostede dedícalle moito tempo a Internet? Consulta páxinas de contido cultural?
- (Se procede) No seu lugar de procedencia ocorre o mesmo?

OPCIÓN B

“Cando hai que aforrar, o máis razoable é recortar todos os gastos en cultura.”

- Pensa que se pode ter acceso á cultura sen gastar moito? Como?
- Cre que hai moita diferenza na vida cultural das vilas e das cidades? Por exemplo?
- Que bota de menos para poder acceder á cultura que lle interesa de xeito gratuíto ou barato?
- A que actividades ou espectáculos culturais asiste con máis frecuencia?
- (Se procede) No seu lugar de procedencia ocorre o mesmo?

OPCIÓN C

“É normal que, cando temos que ter coidado co gasto, en Galicia se aforre máis en transporte que en cultura.”

- Pensa que esta afirmación ten que ver coa dispersión da poboación en Galicia? Por que?
- Cre que para gozar da cultura cómpre sempre desprazarse? É así no seu caso? Que alternativas ten?
- É mellor, en xeral, o uso racional dos medios de transporte en lugar de coller o coche case para todo?
- Como cre que se pode aforrar no transporte?
- (Se procede) No seu lugar de procedencia ocorre o mesmo?

OPCIÓN D

“É moito máis doado deixar de mercar libros que publicacións periódicas.”

- Que tipo de xornais ou revistas le vostede habitualmente?
- Que tipo de literatura lle gusta máis? Lembra algún libro que lle chamase a atención especialmente?
- Parécelle ben que os xornais e as revistas contén como cultura? Por que?
- Cre que paga a pena mercar xornais? Que alternativas coñece para informarse? Cales usa?
- Pensa que pasa o mesmo noutros lugares do mundo? Coñece algún caso?
- (Se procede) No seu lugar de procedencia ocorre o mesmo?

